



Código do documento	Código do expediente
UPO18I02RP	UPO/2024/277
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3560 5Q1S 1I6V 4D5A 0FWS	

ARF

Convenio de colaboración interadministrativo entre o Concello de Bergondo e o Concello de Culleredo en materia de persoal

Por unha parte, Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente do Concello de Culleredo, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por outra parte, Dona Alejandra Pérez Máquez, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Bergondo, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

As reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN

1º.- Que ambas entidades locais están amparadas para a subscrición de convenios de colaboración para garantir unha prestación mais eficaz dos servizos básicos da súa competencia, en virtude do disposto nos artigos 47 e 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e nos artigos 5.2, 187 e 193 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

2º.-A Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia, regula no seu artigo 209 a realización polo persoal funcionario propio das entidades locais de funcións e tarefas no ámbito territorial doutras entidades locais establecendo que de acordo co principio de colaboración interadministrativa, o persoal funcionario propio dunha entidade local poderá realizar funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local indicando que para iso as entidades interesadas deberán formalizar o oportuno convenio, o cal especificará o ámbito de aplicación, os servizos afectados pola realización das funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local, o persoal asignado aos devanditos servizos e as funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.



Código do documento	Código do expediente
UPO18I02RP	UPO/2024/277
Código de Verificación Electrónica (COVE)  3560 5Q1S 1I6V 4D5A 0FWS	

C.I.F. P-1503100-H

3º.- O Concello de Bergondo, actualmente atópase nunha situación de carencia de persoal no departamento de Urbanismo, unida á xubilación do Arquitecto técnico municipal, o Arquitecto e a Xurista de Urbanismo que forman parte do departamento están en situación de Incapacidade temporal, así como a Arquitecta contratada por acumulación de tarefas para reforzo do servizo, non tendo neste momento persoal técnico en Urbanismo, estando totalmente paralizados os expedientes administrativos nos que se require de informe de persoal técnico municipal.

4º.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación, así cabe mediante a necesaria colaboración entre distintas administracións locais, poder prestar aos veciños servizos de calidade, que na actualidade se vería afectado pola paralización da tramitación de expedientes nos servizos urbanísticos e os correspondentes retrasos.

5º.- Que o Concello de Culleredo dispón entre os seus medios persoais, dunha funcionaria que lle pode dar cobertura as necesidades deste Concello na materia que nos ocupa.

CLAÚSULAS

1ª.- Obxecto do Convenio e ámbito de aplicación. O presente Convenio ten por obxecto establecer a forma e condicións de colaboración entre os comparecentes, posto que os dous concellos teñen interese en articular un cauce de colaboración para que a persoa designada polo Concello de Culleredo, que está conforme coa dita designación, poida desenvolver as súas funcións de colaboración no Departamento de Urbanismo do Concello de Bergondo, de xeito temporal.

2ª.- Servizos afectados pola realización das funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local e detalle das funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.



Código do documento	Código do expediente
UPO18I02RP	UPO/2024/277
Código de Verificación Electrónica (COVE)  3560 5Q1S 1I6V 4D5A 0FWS	

Para poder realizar as funcións de colaboración e asesoramento nas funcións inherentes o posto de traballo de Técnico de Administración Xeral do Concello de Bergondo, resulta necesario que o departamento de Urbanismo conte con persoal suficiente para a realización de funcións comúns ao exercicio da actividade administrativa, e de carácter burocrático.

3ª.- Forma de colaboración de las partes

A traballadora do Concello de Culleredo desenvolverá as funcións descritas mediante sistema de teletraballo, así como nas dependencias administrativas do Concello de Bergondo, e no caso de ser necesario e de xeito excepcional, na Casa Consistorial (fóra do horario laboral do concello de Culleredo).

O Concello de Bergondo abonará directamente a contía mensual de 1.018,80 euros brutos na nómina do traballador ao final de cada mes. Se a colaboración cesa a mediados dun mes, o abono sería pola parte proporcional de días traballados.

En ningún caso a colaboración non lle poderá significar custo algún o Concello de Culleredo.

4ª.- Designación do funcionario do Concello de Culleredo a que se lle encomenda a realización das ditas tarefas e que acepta voluntariamente a realización das mesmas.

Por todo o antedito este convenio ten por obxecto prestación de servizos por parte da funcionaria de carreira do Concello de Culleredo dona María Dolores Cociña Cabanas, con DNI 33.993.575 - N, Técnica de Urbanismo, código R.P.T. OM.1.1.04 de dito Concello, que prestará a súa colaboración e asesoramento nas funcións relacionadas con temas urbanísticos do posto de traballo de Técnico de Administración Xeral do Concello de Bergondo.

Este convenio asínase por funcionario antedito manifestando a súa conformidade ó mesmo e tendo o compromiso de confidencialidade coa información que poida manexar no desenvolvemento das tarefas referidas aos

C.I.F. P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
UPO18I02RP	UPO/2024/277
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3560 5Q1S 1I6V 4D5A 0FWS	

efectos de dar cumprimento a protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, que se establecen na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de acordo coas instrucións e medios que facilite o responsable da protección de datos no concello.

5ª.- Cuestións litixiosas. O presente Convenio ten carácter administrativo, réxese polo establecido nas súas cláusulas. Se non hai acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento da orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

6ª- Vixencia do Convenio. O presente convenio entrará en vigor dende o momento da súa sinatura e ata a incorporación da Técnico de Administración Xeral titular, cun prazo máximo de 6 meses prorrogable. De todos os xeitos, en calquera momento anterior, as partes poden extinguir o dito convenio, previa comunicación a outra parte con unha antelación de 5 días, polos seguintes motivos:

- Por non ser necesaria a prestación da dita colaboración, si o Concello de Bergondo acada igualmente un funcionamento áxil dos seus servizos administrativos.
- Si a persoa designada para a dita colaboración, manifesta posteriormente non estar conforme con continuar prestando os seus servizos ao Concello de Bergondo.
- Si o Concello de Culleredo, estima que non é posible colaborar, con motivo de dar cobertura a necesidades propias do seu concello.

Nestes supostos o empregado designado recibirá a parte proporcional das retribucións que se determinan na cláusula terceira.

7ª-Modificación do convenio e mecanismos de seguimento e vixilancia do Convenio.



Código do documento	Código do expediente
UPO18I02RP	UPO/2024/277
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3560 5Q1S 1I6V 4D5A 0FWS	

Dada a duración do citado convenio, e a clara determinación do seu obxecto, non se prevén outros mecanismos de seguimento e vixilancia, máis alá do control polos responsables dos departamentos implicados en ambos concellos. Calquera modificación do convenio que afecte a forma de colaboración entre as partes, que determine unha variación do gasto, duración ou das funcións a realizar conlevará a sinatura dunha adenda ao mesmo, previa tramitación de expediente idéntico ao de aprobación do convenio inicial.

A alcaldesa do Concello de Bergondo

O alcalde do Concello de Culleredo



RIOBOO CASTRO, JOSE
RAMON
Alcalde-Presidente
21/11/2024 13:59

Manifestando a súa conformidade

A técnica de urbanismo

C.I.F. P-1503100-H